



Concello de Portomarín

D JOSE LUIS VAZQUEZ MENDEZ.- SECRETARIO INTERVENTOR DO CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

CERTIFICA:

Que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día doce de xullo de dous mil dezaoitto adoptou o seguinte ACORDO:

4.- EXPEDIENTE 365/2017. ADXUDICACION OBRA ACCESIBILIDADE PISCINA.

Vista a acta da mesa de contratación de data 02-07-2018 do procedemento de adxudicación da obra de PROXECTO DE EXECUCIÓN DE ITINERARIO ACCESIBLE NA PISCINA MUNICIPAL DE PORTOMARÍN, na se propon como adxudicatario provisional a empresa O3 SERVICIOS Y CONTRATAS S.L. debendo requirir a empresa para que, dentro do prazo de sete días hábiles desde a data do envío da comunicación, constituía a garantía definitiva, así como para que aporte o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 da LCSP e a documentación justificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2 da LCSP.

Visto que con data 06 de xullo de 2018 a empresa O3 SERVICIOS Y CONTRATAS S.L. como adxudicataria provisional presenta a documentación requirida en tempo e forma.

Visto todo canto antecede e os informes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- A adxudicación definitiva do contrato do contrato das obras do proxecto PROXECTO DE EXECUCIÓN DE ITINERARIO ACCESIBLE NA PISCINA MUNICIPAL DE PORTOMARÍN cofinanciadas con Fondos Feder (Unha maneira de facer Europa) no programa operativo Galicia 2014-2020 nunha porcentaxe do 80% obxectivo temático 9 – Promover a inclusión social e loita contra a pobreza e calquer forma de discriminación, prioridade de investimento 9.7 – Investimento en infraestrutura sanitaria e social que contribuíra ao desenvolvemento nacional, rexional e local e a redución das desigualdades sanitarias, ao fomento da inclusión social mediante un acceso mellorado aos servizos sociais, culturais e recreativos e a transición dos servizos institucionais aos servizos locais-, obxectivo específico 9.7.1 – Investimento en infraestrutura social e sanitaria que contribuíra ao desenvolvemento nacional, rexional e local e reduza as desigualdades sanitarias e transición dos servizos institucionais aos servizos locais. A categoría da intervención é a 055 (“Outra infraestrutura”) e a actuación 9.7.1.3: “Conversión e adaptación de vivendas e infraestruturas de servizos sociais a un modelo accesible e acorde coas innovacións sociais e demandas da sociedade, así como a creación e habilitación de espazos públicos de formación, captación e investigación”, a empresa O3 SERVICIOS Y CONTRATAS S.L. polo prezo de 49.585,61 € máis I.V.E., con estrica suxeición ao proxecto de execución, prego de cláusulas que rexe a contratación e melloras ofertadas por o licitador (4 anos máis de garantía, 30 días de redución do prazo de execución da obra, cambio de ubicación da depuradora e acondicionamento do vaso da pricina de nenos, acondicionamento de cespede e ampliación de cafetería), sendo a data máxima de execución das obras o 31 de outubro de 2018.

SEGUNDO.- Nomear como director das obras ao enxeñeiro de camiños D Alfonso Fernández Losada.

TERCEIRO.- Notificar ao interesado.



Concello de Portomarín

E para que así conste asíno a presente de Orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde, coa salvedade do previsto no artigo 206 do ROF.

Asinado electrónicamente á marxe de páxina.